



Concello de Cangas

ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
XGL/2017/38	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	21 de agosto de 2017
Duración	Desde as 20:04 ata as 21:10 horas
Lugar	SALA DE SESIÓNS
Presidida por	XOSE MANUEL PAZOS VARELA
Secretario	BERTA ALONSO SOTO

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
77010633D	ANDRES GARCIA BASTON	SÍ
73240505H	HÉITOR MERA HERBELLO	SÍ
78734984G	JESÚS ANTONIO PEREZ GALLEGO	NON
76807564F	LOURDES RIAL PARDO	NON
78730184B	MARIANO ABALO COSTA	SÍ
76811297Z	MERCEDES GIRALDEZ SANTOS	SÍ
53113479Q	TANIA CASTRO PAREDES	NON
78739263M	TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ	SÍ
76328194A	XOSE MANUEL PAZOS VARELA	SÍ
34907283E	XOÁN CHILLÓN IGLESIAS	SÍ
78736615W	ÁN XELA VIZOSO MARCOS	NON

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior realizada o día 14 de agosto de 2017

Non hai acordo

Motivo: Ampliar documentación

Expediente 5129/2017. Solicitud sinalización

Non hai acordo

Motivo: Ampliar documentación

Expediente 5331/2017. Solicitud sinalización

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude realizada por R. L. N., en representación do negocio de lavandería "La Colada", sita en rúa Longán, nº 2, para habilitar unha zona de carga e descarga na citada rúa, a Xunta de Goberno Local acorda que polos servizos correspondentes se proceda á colocación da seguinte sinalización:

** Sinal vertical R-308 con panel complementario coa lenda: de 09:00 horas a 20:00 horas de luns a sábado, agás servizos (máximo 15 ou 20 minutos).*

** Sinalización horizontal: liña amarela en zig-zag no espazo destinado e reservado para tal efecto.*

Expediente 5420/2017. Solicitud sinalización

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude realizada por M. E. R. S. para pintado de paso de peóns en rúa Enseñanza, á altura da escaleira que baixa do barrio de Nazaret, a Xunta de Goberno Local acorda acceder ao solicitado.

Expediente 5439/2017. Solicitud sinalización

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
Vista a solicitude de D. F. R. para a instalación dun espello en Xielas, nº 26-Coiro, debido á existencia dunha curva con pouca visibilidade á saída da súa vivenda sita no enderezo indicado, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a solicitude do Sr. F. R., pola que se autoriza ao solicitante para a colocación do espello a título particular.	

Expediente 5308/2017. Solicitude sinalización	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
Vista a solicitude realizada por J. L. O. para instalación de sinal de altura no Centro de Espiñeira, nº 2-Aldán. A Xunta de Goberno Local acorda que polos servizos de sinalización procedan á colocación dun sinal advertindo do perigo que a 2,80 m. de altura hai un obstáculo.	

Expediente 5421/2017. Solicitude sinalización	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
Vista a solicitude realizada por M. A. D. R. para sinalización horizontal con liña amarela do pasaxe permanente nº 909, a Xunta de Goberno Local acorda acceder ao solicitado.	

Expediente 5278/2017. Licenza urbanística	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
EXPEDIENTE Nº 5278/17.- A UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN SA, con domicilio a efectos de notificacións en Travesía de Vigo, nº 204 PB, para en rúa Laxes-O Hío, autorizar a ocupación de dominio público e conceder licenza de obras para executar unha canalización de 209 metros de liñas de baixa tensión, instalación de dúas arquetas e substitución de poste existente, de conformidade coa documentación presentada e a autorización emitida pola Consellería de Infraestruturas do 17 de xullo de 2017 e coas seguintes condicións: As obras non se poderán realizar no período do verán, comprendido entre o 15 de xullo e o 15 de setembro. Non se permiten reposicións parciais. Nin durante o período das festas de nadal (21 de decembro a 7 de xaneiro) nin durante as de Semana Santa. Deberá regular o tráfico durante as obras. Non se permiten reposicións parciais. * Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas. * Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten análizacions sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas. Debe computarse no aval global depositado o importe de tres mil cincocentos cincuenta e catro	

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

euros con setenta e sete céntimos (3.554,77 €), para responder das obras de reposición da vía pública. No caso de que o concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN SA, o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.

*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da zanja.

Para a conexión coas vivendas, advírteselle da obrigatoriedade imposta polo art. 194.3 da Lei 9/2002, do Solo de Galicia e 43.1 da Lei 8/2012, de Vivenda de Galicia, da esixencia aos propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.

Expediente 5343/2017. Prórroga licenza urbanística

Non hai acordo

Motivo: Ampliar documentación

Expediente 4808/2017. Licenza de parcelación

Non hai acordo

Motivo: Ampliar documentación

Expediente 5369/2017. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 5369/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por G. O. G., con enderezo a efectos de notificacións nas Xegadas, nº 2-Coiro, para a construción de muro de cerramento lindeiro en parcela sita no referido lugar, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente. O presuposto de execución das obras ascende a tres mil douscentos euros (3.200,00 €).

Expediente 4951/2017. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 4951/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por M. G. O.,

Concello de Cangas



Concello de Cangas

con enderezo a efectos de notificacións en Estrada a Vilanova, nº 33-O Hío, para reparacións exteriores en vivenda sita no referido lugar, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente. O presuposto de execución das obras ascende a dous mil novecentos catorce euros con cincuenta e catro céntimos (2.914,54 €).

Expediente 5379/2017. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 5379/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por M. C. M. C., con enderezo a efectos de notificacións na Retirosa, nº 66C-Coiro, para construción de cobertizo e suplemento de muro de cerramento existente en parcela sita no referido lugar, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente. O presuposto de execución das obras ascende a seis mil douscentos catro euros con trece céntimos (6.204,13 €).

Expediente 49/2017. Infracción urbanística (Expte. 12/2016) MANUEL FREIRE PATEIRO

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

De conformidade co artigo 84 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas e visto o xustificante de pagamento de data 31 de xullo do 2017, de M. F. P., en relación co expediente sancionador por infracción urbanística nº 12/2016-491/2017.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015 polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, a Xunta de Goberno Local adopta o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Declarar terminado o procedemento sancionador incoado a M. F. P. por ter realizado no lugar de Rabáns-O Hío, obras consistentes en dúas edificacións de planta baixa e o seu arquivo, visto o xustificante de pagamento da sanción imposta.

Expediente 1132/2017. Infracción urbanística (Expte. 27/2015) JOSE PÉREZ MAGDALENA

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

De conformidade co artigo 84 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas e visto o xustificante de pagamento de data 14 de xuño do 2017 de J. P. M., en relación co expediente sancionador por infracción urbanística nº 27/2015-1132/2017.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015 polo que se delega na Xunta de

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, a Xunta de Goberno Local adopta o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Declarar terminado o procedemento sancionador incoado a J. P. M. e o seu arquivo, unha vez comprobado o pago da sanción urbanística imposta pola realización de obras no lugar de Vilariño-O Hío, sen licenza para iso.

Expediente 884/2017. Infración urbanística (Expte. 3/2016) SPORT STREET, SL

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, acorda aprobar a seguinte:

"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

María Rodríguez Gómez, instrutora designada polo alcalde do Concello mediante proposta da Alcaldía de data 14 de decembro do 2016, en relación co expediente sancionador que se está a tramitar neste Concello co nº 3/2016-884/2017, emite a seguinte proposta de resolución visto os seguintes:

ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- Por parte de "SPORT STREET SL" e segundo consta no expediente anterior de restauración da legalidade urbanística tramitado, se efectuaron no lugar de rúa Eduardo Vincenti, nº 4-baixo, obras sen licenza consistentes en realizar reformas interiores para levar a cabo unha actividade de comercio de produtos deportivos, sendo a construción de carácter legalizable segundo o informe da arquitecta municipal de data 26 de xuño do 2017.

SEGUNDO.- Iniciado expediente sancionador por acordo da Xunta de Goberno Local en data 19 de decembro do 2016 dentro do prazo outorgado neste expediente sancionador para formular alegación ou para aportar documentos e informacións, o interesado con data 15 de marzo do 2017, rexistro de entrada nº 2801, presenta escrito de alegacións manifestando en síntese que:

Se paralice a sanción urbanística ata a presentación da solicitude de licenza.

TERCEIRO.- Visto canto antecede e de conformidade cos artigos 89 e 90 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, emito a seguinte

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

PRIMEIRO.- Declarar probado, sen necesidade de práctica de proba a existencia de obras realizadas sen licenza no lugar de rúa Eduardo Vincenti, nº 4-baixo-Cangas, o que constitúe unha infración urbanística tipificada no artigo 157 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, podendo clasificarse como leve segundo o determina o artigo 158.3 da mesma norma citada, visto o informe do arquitecto municipal de data 26 de xullo de 2016.

SEGUNDO.- Que "SPORT STREET SL", na súa calidade de promotor é responsable directo



da referida infracción.

TERCEIRO.- Que de acordo co establecido nos artigos 161 da Lei 2/2016, en canto á gravidade da materia se refire, é o suficiente importante para graduar a sanción a impoñer na súa contía tres mil euros (3.000,00 €). Indicar ao interesado que as obras foron legalizadas coa CP nº 3011/2017 polo que a contía da sanción será reducida un 90%.

CUARTO.- Notificar a presente proposta de resolución ao interesado, indicándolle a posta de manifesto do expediente practicado. Achegar, coa notificación, unha relación dos documentos que constan no expediente co fin de que os interesados poidan examinalos e, no seu caso, obter copias dos que estimen convenientes, concedéndolles un prazo de QUINCE DÍAS para formular alegacións e presentar os documentos e informacións que estimen pertinentes perante o instrutor do procedemento e que non puidesen achegarse no trámite anterior.

O órgano instrutor resolverá a finalización do procedemento, con arquivo das actuacións, sen que sexa necesaria a formulación da proposta de resolución, cando na instrución do procedemento se poña de manifesto que concorre algunha das seguintes circunstancias:

- a) A inexistencia dos feitos que puideran constituír infracción.*
- b) Cando os feitos non resulten acreditados.*
- c) Cando os feitos probados non constituán, de modo manifesto, infracción administrativa.*
- d) Cando non exista ou non poida identificar á persoa/persoas responsables ou ben que aparezan exentos de responsabilidade.*
- e) Cando se teña concluído, en calquera momento a prescrición da infracción.*

QUINTO.- Advertir ao interesado que, en caso de pagar voluntariamente a sanción imposta antes da resolución do presente procedemento sancionador, aplicarase dunha redución desta do 50%. Non entanto, a súa efectividade estará condicionada ao desistimiento ou renuncia de calquera acción ou recurso en vía administrativa contra a sanción.

SEXTO.- Elevar, unha vez recibidas as alegacións, documentos e informacións ou transcorrido o prazo de audiencia, todo o expediente ao alcalde para a súa resolución."

Expediente 5311/2017. Prestación do servizo de axuda a domicilio

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, deade a xefatura de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, a Xunta de Goberno Local acorda a seguinte resolución:

* Concederlle a ampliación do Servizo de Axuda a Domicilio a M.T.L.R., con expediente nº 36008/01/003206-56273, pola quenda de dependencia e de acordo cos seguintes detalles:



Prestacións

- Atencións de carácter persoal.
- Atencións de carácter psicosocial.
- Atencións de carácter doméstico.

Número de horas mensuais: 70 horas.

Custo total do servizo: oitocentos cincuenta e oito euros con vinte céntimos (858,20 €) (doce euros con vinte e seis céntimos (12,26 €/hora)).

O cómputo da capacidade económica mensual, facilitada polo Órgano de Valoración da Xunta é de seiscentos oitenta euros (680,00 €), cunha achega económica da persoa usuaria sobre o custe do servizo de un euro con setenta e cinco céntimos (1,75 €/hora).

Achega económica da persoa usuaria: cento vinte e dous euros con sesenta céntimos (122,60 €/mes).

O servizo de SAF iniciárase a partir do 25 de agosto de 2017.

Expediente 5345/2017. Concesión de axudas de emerxencia social

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Con relación á solicitude de axuda económica de emerxencia social e examinado o informe da traballadora social de servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

* Concesión de axuda económica de novecentos setenta e tres euros con noventa e tres céntimos (973,93 €) a A.B.

Expediente 972/2017. Outorgamento de subvención directa á Asociación Protectora de Animais do Morrazo.

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Visto que con data 28 de abril de 2017 foron aprobados os orzamentos nos que se consignaba con cargo á aplicación orzamentaria 311.480.01 un importe de quince mil euros (15.000,00 €) para a Asociación Protectora de Animais do Morrazo.

Que, se ben o procedemento ordinario de concesión de subvencións se tramitará en réxime de concorrencia competitiva, segundo o artigo 19 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, poderán concederse de forma directa as seguintes subvencións:

“a) As previstas nominativamente nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma nos termos recollidos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións.”

Visto que a subvención está prevista nomeadamente nos orzamentos municipais (base de



execución 21).

Advertido que a Asociación Protectora de Animais do Morrazo non figura inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións.

Malia o disposto no informe desfavorable de Intervención 2017-0088 de 10.08.2017.

Propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Outorgar, con cargo á aplicación orzamentaria 231.480.02 do orzamento de gastos do Concello, a seguinte subvención e formalizala no correspondente convenio, no que se detallen as obrigacións e compromisos do concesionario para aplicar a subvención e xustificala:

- Asociación Protectora de Animais do Morrazo para a realización das actividades propias do seu obxecto social, a cantidade de quince mil euros (15.000,00 €).

SEGUNDO.- Proceder á autorización e disposición do gasto por un importe de quince mil euros (15.000,00 €) con cargo á aplicación orzamentaria 231.480.02.

TERCEIRO.- Notificar aos interesados e requiririlles para a sinatura do convenio.

Expediente 4455/2017. Dación de conta de convenio de colaboración subscrito entre o Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade e a FEMP para o ano 2017

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentiment
o

A Xunta de Goberno Local queda informada do seguinte:

A Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) remite escrito ao Concello de Cangas para comunicarlle a concesión de setecentos vinte euros (720,00 €) para a adhesión e implementación Local de Estratexia de Promoción Saúde e Prevención no SNS.

A xustificación económica deberá presentarse ante do 20 de novembro de 2017 debendo terse en conta os logotipos oficiais.

Expediente 2257/2017. C-17/08. Aprobación do expediente para a adxudicación de concesión demaniais dos postos vacantes no mercado de abastos municipal (Urxencia)

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentiment
o

Visto o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 17.04.2017 polo que se inicia o expediente administrativo para a adxudicación de concesións demaniais de varios postos vacantes no mercado municipal de abastos.



Visto que, a arquitecta municipal M. I. M. F., emitiu informe relativo á valoración da repercusión das concesións de postos do mercado.

Visto que o día 11.08.2017 incorporáronse ao expediente os pregos de cláusulas administrativas particulares e técnicas que rexerán esta licitación e que constan no expediente os preceptivos informes de Secretaría de data 18.08.2017 e Intervención (informe 2017-00894 [SCM-100-17] do 18.08.2017).

A Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar o expediente para a adxudicación de concesión demaniais dos postos vacantes no mercado de abastos municipal, xunto cos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán o procedemento de licitación e que constan como anexos a este acordo.

Segundo.- Abrir o procedemento de licitación mediante procedemento aberto e tramitación ordinaria, debendo publicar o correspondente anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e no perfil de contratante.

Terceiro.- Dar traslado deste acordo ao departamento municipal de Apoio Xurídico.

Expediente 5292/2017. Aprobación de proxecto de "Abastecemento a Erbello e conexión ao depósito do Piñeiro" (Urxencia)

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a proposta da concelleira de Obras e Servizos de data 21 de agosto de 2017.

Vista a necesidade de ampliar a rede de abastecemento en Erbello, na parroquia de Aldán ao carecer actualmente o núcleo de Erbello de rede de abastecemento municipal, a necesidade de optimizar o funcionamento do depósito do Piñeiro para aliviar o grupo de presión sito en Menduña e que estas actuacións se realicen coordinadas coas obras previstas pola concellería de Obras e Servizos de novas capas de rodadura para os camiños de titularidade municipal no lugar de Erbello, Aldán.

Visto que o depósito do Piñeiro de 500 m3., está situado nunha cota que non é suficiente para poder conectarlo coa rede existente na vertente norte, zona de Aldán e estudadas varias alternativas analizouse a posibilidade de instalar un bombeo en liña na entrada do depósito para garantir a circulación por impulsión e a baixada por gravidade ata o punto de conexión coa nova rede de Erbello e o resto da rede sita en cotas inferiores, solicitouse á UTE que presentara un proxecto para esta alternativa que permitira a optimización do depósito do Piñeiro.

Recibido o novo proxecto "Abastecemento a Erbello e conexión co depósito do Piñeiro", presentado pola UTE Gestión Cangas a requirimento de data 5 de setembro de 2016 e logo de presentar un proxecto inicial en data 26 de novembro de 2016, sobre o que se lle requiriron modificacións en determinadas partidas por parte da oficina técnica da concellería de Obras e Servizos, presentan novo proxecto para o seu estudo e valoración, documento impreso e copia en CD presentado pola UTE no rexistro municipal con rexistro de entrada nº 9117, que inclúe memoria/anexos: Anexo 1.- Album fotográfico; Anexo 2.- Topografía; Anexo 3.- Xeoloxía e



xeotecnia; Anexo 4.- Expropiacións e servizos afectados; Anexo 5.- Plan de obra; Anexo 8.- Xustificación de prezos; Anexo 7.- Estudo de seguridade e saúde; Anexo 9.- Xestión de residuos; Anexo 10.- Presuposto coñecemento administración / planos / prego / orzamento, con expediente nº 5292/2017.

Visto o informe conxunto emitido polos técnicos municipais dos departamentos de urbanismo e obras e servizos que indica:

“Tendo en conta as necesidades de dotar o núcleo de Erbello do servizo de abastecemento municipal de auga e os problemas técnicos na rede actual, se analiza a nova documentación presentada pola UTE, comprobándose que ésta resolve correctamente as demandas realizadas.”

Visto o informe do arquitecto municipal que indica:

“Se informa favorablemente el expediente en cuestión por axustarse ás determinacións urbanísticas establecidas ao respecto nas Normas Subsidiarias de Planeamento do Concello de Cangas, ordenanza de aplicación: título V das Normas Urbanísticas II. Deberase, en calquera caso, repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas, non se admiten gabias e reposicións parciais do firme ou beirarrúas municipais.

Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permite a canalización da instalación solicitada sobre a calzada da vía pública, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.

Non se admite en ningún caso a reposición parcial da gabia afectada pola canalización. Deberase incluír garantías sobre a contía de contrata da referida reposición.

Deberase notificar, se procede, ás restantes empresas de redes de infraestruturas urbanas para os efectos de sincronizar as obras de urbanización.

As reposicións sobre as calzadas e beirarrúas de titularidade municipal deberanse executar atendendo a criterios estéticos e de seguridade, non permitíndose reposicións parciais que poidan supoñer risco para o tráfico rodado, ou desvirtúen o carácter estético da urbanización das infraestruturas viarias municipais.

No caso de que polo concello se procedese a realizar calquera obra no dominio público do sistema viario municipal e resultase afectada a obra ou instalación á que se refire a presente licenza de obra, será por conta do promotor o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resultase necesaria, nos prazos e condicións que estableza o Concello de Cangas, sen que isto supoña dereito a ningunha indemnización.

Deberase aportar informe sectorial favorable de estradas da Deputación.

A conexión eléctrica de baixa tensión do bombeo proposto para o depósito de Piñeiro se resolve no expediente nº 5352-2017.”

A Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Remitir á Deputación Provincial de Pontevedra o proxecto de “Abastecemento a Erbello e conexión co depósito do Piñeiro” presentado pola UTE Gestión Cangas para o seu



Concello de Cangas

informe sectorial.

Segundo.- Aprobar o proxecto “Abastecemento a Erbello e conexión co depósito do Piñeiro”, condicionado ao informe favorable da Deputación Provincial de Pontevedra.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Expediente 4642/2017. Decreto 2017-0923, declaración expediente deserto contrato privado de patrocinio “Festas do Cristo 2017”

A Xunta de Goberno Local queda informada da seguinte:

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Visto que mediante a Resolución de Alcaldía nº 2017-680 de data 10.07.2017, se aprobou o expediente e os pregos de cláusulas para a adxudicación, mediante procedemento negociado sen publicidade, do contrato privado de patrocinio para a promoción do recinto feiral das Naves de Ojea durante as festas patronais do Concello de Cangas “Festas do Cristo 2017”.

Visto que se cursou invitación a participar ás seguintes empresas:

- Mahou
- Estrella Galicia
- Super Bock
- Amstel

Visto que non foi presentada ningunha oferta dentro do prazo de 5 días naturais outorgado ao respecto.

De conformidade co establecido no artigo 151.4 e na disposición adicional segunda do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, RESOLVO:

PRIMEIRO.- De acordo co disposto no art. 10 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público, avogar a competencia para declarar deserto o expediente de contratación do contrato privado de patrocinio para a promoción do recinto feiral das Naves de Ojea durante as festas patronais do Concello de Cangas “Festas do Cristo 2017”, competencia delegada por esta Alcaldía con data 2 de xullo de 2015 na Xunta de Goberno Local, para os efectos de axilizar a tramitación do expediente.

SEGUNDO.- Declarar deserto o expediente de contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade, do contrato privado de patrocinio para a promoción do recinto feiral das Naves de Ojea durante as festas patronais do Concello de Cangas “Festas do Cristo 2017”, por non presentarse en prazo ningunha oferta.

TERCEIRO.- Dar conta á Xunta de Goberno Local na primeira sesión que se realice.

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Expediente. 4642/2017. Decreto 2017-0952, adxudicación directa do contrato privado de patrocinio “Festas do Cristo 2017”

A Xunta de Goberno Local queda informada da seguinte:

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA DE ADXUDICACIÓN

Visto que este Concello quere promocionar como centro neurálxico das súas festas patronais o recinto sito entre a casa consistorial e as naves de Ojea, coa instalación dunhas carpas/jaimas que posteriormente ofertará en réxime de concorrencia aos hostaleiros. Para conseguir a infraestrutura necesaria, este Concello considera como fórmula mais axeitada a realización dun contrato de patrocinio considerando este como achegas que de forma voluntaria, efectúen as persoas físicas ou xurídicas para a promoción do recinto feiral das naves de Ojea durante as festas patronais do Concello de Cangas 'Festas do Cristo 2017'.

Visto que o contrato de patrocinio aparece regulado na Lei 34/1988, de 11 de novembro, xeral de publicidade, concretamente no seu artigo 22, segundo o cal “o contrato de patrocinio publicitario é aquel polo que o patrocinado, a cambio dunha axuda económica para a realización da súa actividade deportiva, benéfica cultural, científica ou doutra índole, se compromete a colaborar na publicidade do patrocinador”.

Visto que o contrato non supón gasto ningún para o Concello de Cangas polo que non necesita da previa consignación orzamentaria.

Visto que, mediante Resolución de Alcaldía de data 10.07.2017 (nº 2017-0680), aprobaronse o expediente e os pregos de cláusulas administrativas para a adxudicación mediante procedemento negociado sen publicidade do contrato privado de patrocinio para a promoción do recinto feiral das naves de Ojea durante as festas patronais do Concello de Cangas “Festas do Cristo 2017”.

Visto que, mediante Resolución de Alcaldía de data 16.08.2017 (nº 2017-0923) declarouse deserto o sinalado expediente de contratación, por non presentarse en prazo ningunha oferta.

Visto que se presentou fóra de prazo unha única oferta por parte da empresa "HEINEKEN ESPAÑA SA".

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Adxudicar á empresa "HEINEKEN ESPAÑA SA", o contrato privado de patrocinio para a promoción do recinto feiral das naves de Ojea durante as festas patronais do Concello de Cangas “Festas do Cristo 2017”, segundo o cal, a empresa patrocinadora (HEINEKEN ESPAÑA SA) terá dereito a publicitarse como patrocinador oficial do recinto feiral das Festas do Cristo do Concello de Cangas. O Concello comprométese a que o patrocinador conste como tal en toda a publicidade que faga das festas.

SEGUNDO.- Serán de conta da parte contratada a execución do contrato de patrocinio de acordo coas seguintes especificacións:

- Instalación de 14 carpas de 5m x 5m.
- Instalación de 2 carpas de 6m x 3m para organización e Backstage.
- Subministración de 42 mostradores da marca Amstel (3 por cada carpa).



Concello de Cangas

- Subministración de 14 botelleiros (1 por cada carpa).
- Subministración de 5 mostradores para Backstage.
- Subministración de 2 botelleiros para Backstage.
- 14 grifos v-200 marca Amstel (1 por cada carpa).
- 14 grifos v-200 marca Amstel Oro (1 por cada carpa).
- Subministración de vasos plásticos de 0,33 cl e 0,75 cl para todas as carpas (a cantidade de vasos subministraranse en proporción ós barrís de cervexa pedidos e vendidos).
- Posta a disposición dun mecánico de garda para os domingos.
- Organizar e asumir gastos para a celebración do FESTIVAL AMSTEL cuxa data e artista/grupo/solista será consensuado co Concello de Cangas.
- Subministración sen custo para o patrocinado de 5 caixas de Amstel 1/3, 5 caixas de Amstel Oro e vasos plásticos para a carpa do backstage. En caso de que o patrocinado necesitase máis produto, aplicaríase un desconto en todo, nos termos que figuran na oferta que se une como anexo.

TERCEIRO.- As 14 carpas instaladas polo patrocinador serán obxecto de licitación pública a fin de ser adxudicadas aos hostaleiros que instalarán nelas os seus negocios e que virán obrigados a contratar a cervexa co patrocinador segundo os seguintes prezos:

- Barril de cervexa Amstel de 30 litros.....52,00 € + IVE.
- Barril de cervexa Amstel Oro de 30 litros.....57,00 € + IVE.
- Botella de CO2..... 36,00 € + IVE.

CUARTO.- Que se lle notifique á empresa "HEINEKEN ESPAÑA SA", adxudicataria do contrato, esta resolución e que o citen para a sinatura do contrato.

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850